



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e dous minutos do vinte e seis de novembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Alicia Martínez González, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Angel Moldes Martínez, M^a Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, M^a del Mar Villaverde Rosales, Alberto Villaverde Méndez e Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez así como a concelleira D^a. Consuelo Besada Lores. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3873.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DE 29/10/2013 E 05/11/2013.- Pola Secretaria Xeral presente na sesión e de conformidade co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos membros presentes no contido das actas anteriores correspondentes ás sesións do 29/10/2013 e do 05/11/2013, e non solicitándose rectificación ningunha estas quedan aprobadas por unanimidade.

3874.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta o estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3858.- PROPOSTA APROBACIÓN SEGUNDA ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE POIO PARA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO EN SAN MARTIÑO E AS TESTADAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado aos Departamentos de Intervención e Contratación e comunicouse á Augas de Galicia; 3859.- INTERVENCIÓN- TESOURERÍA, INFORME SOBRE A LEI 15/2010, DE 05 DE XULLO DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- 3º TRIMESTRE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao

Departamento de Intervención; 3860.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3861.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 16/2013, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio de información pública no Taboleiro de Anuncios e Boletín Oficial da Provincia; 3862.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA REMISIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE OS MARCOS PRESUPOSTARIOS A MEDIO PRAZO (2014-2016) AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3863.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA-MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS EXERCICIO 2014 E REVISIÓN RETRIBUCIÓN ECONÓMICA CONCESIÓN DE SERVIZOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio de información pública no Taboleiro de Anuncios, Boletín Oficial da Provincia e Diario de Pontevedra; 3864.- APERTURAS, APROBACIÓN INICIAL ORDENANZA REGULADORA DOS FURANCHOS/LOUREIROS DO CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Aperturas, remitiuse e publicouse anuncio de información pública no Taboleiro de Anuncios e Boletín Oficial da Provincia; 3865.- SOLICITUDE DA FUNDACIÓN ALEXANDRE BÓVEDA SOBRE REHABILITACIÓN PÚBLICA E POLÍTICA DA FIGURA DE ALEXANDRE BÓVEDA ASÍ COMO INSTITUCIONALIZACIÓN DO 17 DE AGOSTO COMO O DÍA DA GALIZA MÁRTIR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia do Parlamento de Galicia; 3866.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA EXIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DO 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia; 3867.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia da Xunta de Galicia e ao do Goberno de España; 3868.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A DESESTIMAR E NON LEVAR A CABO A EFECTO A PROPOSTA DE REFORMA DE LEI DE DEMARCACIÓN E PLANTA FEITA PÚBLICA NA PÁXINA WEB DO MINISTERIO DE XUSTIZA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Ministerio de Xustiza; 3869.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O REXEITAMENTO A ACTOS TERRORISTAS LEVADOS A CABO POR RESISTENCIA GALEGA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3870.- PATRIMONIO, APROBACIÓN EXPEDIENTE DESAFECTACIÓN ESCOLA INFANTIL DE ALBAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse á Consellería de Educación, remitiuse e publicouse anuncio do Boletín Oficial da Provincia; 3872.- PROPOSTA-MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio de información pública no Taboleiro de Anuncios, Boletín Oficial da Provincia e Diario de Pontevedra.".

A Corporación dáse por enterada.

3875.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía ditadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros da Corporación, xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A Corporación dáse por enterada.

3876.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: " A interventora municipal da conta do expediente manifestando que dando cumprimento á Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, remitiuse o pasado 24 de outubro de 2013, a obriga trimestral de subministro de información das Entidades Locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación os datos referentes o terceiro trimestre do exercicio 2013.

A Comisión por unanimidade dáse por enterada."

Non suscitándose debate ningún, a Corporación dáse por enterada.

3877.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NUM. 20/2013, SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente, da Providencia da Alcaldía e informe da Intervención Municipal de data 12 de novembro de 2013 e da Proposta da Alcaldía de data 13 de novembro de 2013 que, textualmente propón a adopción do seguinte acordo : " Visto o expediente de modificación orzamentaria nº 20/2013, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 472.917,12€.

Visto o informe de Intervención de data 13 de novembro que obra no expediente.

É por iso que PROPOÑO:

Primeiro: aprobar a modificación orzamentaria nº20/2013, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 472.917,12€ coa finalidade de poder proceder a amortización anticipada de débeda polo mencionado importe co fin de dar cumprimento o disposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

A modificación orzamentaria que se propón mediante suplemento de crédito é a seguinte:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación	Denominación	Importe
011.91000	Débeda pública. Amortización de	472.917,12 €

préstamos a longo prazo sector público.
--

FINANCIACIÓN DO EXPEDIENTE: REMANENTE LÍQUIDO DE TESOUREIRÍA PARA GASTOS XERAIS:

<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>I</u>
<u>MPORTE</u>		
870.00	REMANENTE DE TESOUREIRÍA PARA GASTOS XERAIS	
472.917,12 €		

Segundo: unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, que se expoña ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, po quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno."

A interventora municipal explica que este expediente iniciase pola necesidade de proceder a unha amortización anticipada de débeda polo importe de remanente de tesourería para gastos xerais derivado da Liquidación do exercicio 2012 dando cumprimento ao exposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira por un importe total de 472.917,12 euros, co fin de proceder a reducir o endebedamento neto mediante a amortización extraordinaria da débeda viva, sendo convinte aplicar dita amortización sobre a/as operacións de préstamo máis costosas para o concello que, segundo información facilitada polo Tesoureriro Municipal, neste momento sería o préstamo coa entidade Caixanova nº 0419 0540016273 cun tipo de interese que ascende ao 3,12%, reducíndose a deuda viva do 79,11% ao 74,48% a 31 de decembro de 2013 quedando por debaixo da porcentaxe límite legal.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SESIÓNS O CONCELLEIRO D. JOSE ANGEL LODEIRO CANCELA.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se a amortización pódese destinar a un só préstamo ou a varios.

A interventora contéstalle que o lóxico é ao préstamo que resulta máis gravoso para o Concello.

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que esta é a típica política do Goberno do Estado que axuda aos bancos fonte aos concellos. Son 472.917,12 euros que o Estado retira dos servizos e prestacións que o concello lle ten que quitar aos veciños para darlos á banca e que nos ata de pes e mans. Non estamos de acordo, unha vez máis, con esta política.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

A continuación toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián manifestando que están en desacordo coa lei ditada polo goberno central, xa que con estas normas o único que fan é seguir beneficiando á banca e prexudicar, neste caso ao Concello de Poio. Trátase dun remanente do exercicio 2012, que demostra que non o estamos a facer tan mal e nos cremos que este

remanente debería ir dirixido á mellora da calidade dos servizos da veciñanza de Poio. Por iso, deixar constancia de que votamos a favor por imperativo legal, pero non estamos para nada de acordo coa distribución deste remanente.

O Sr. Moldes Martínez di que a Corporación do Concello é quen aproba as operacións de endebedamento pero parece que, polas manifestacións do Sr. Barreiro, estas son solicitadas polo goberno central. Estamos de acordo, en que podería aplicarse este remanente noutra cousa, pero temos que cumprir a lei e deixar de endebedarnos, que podería aparecer dentro de pouco tempo algunha operación de solicitude de préstamos para utilizarse nas vindeiras eleccións.

O Sr. Alcalde dálle novamente a palabra ao Sr. Barreiro Lubián quen di que a intervención do PP lle parece esperpéntica. O Concello de Poio cumpre coa lei e coas porcentaxes de endebedamento que a se fixan, estando ao corrente nos pagamentos e nas amortizacións dos mesmos. A nosa débeda baixou en 20 puntos, e a nosa supón un 3% sobre o déficit do estado, o que está claro é que con estas medidas unicamente se benefician aos bancos, ata se modificou a Constitución Española.

Por outra banda, puntualizar que a débeda do Concello, supónlle a cada veciño 400 €, mentres que a do Estado e Xunta, supón 13000 e 3000 respectivamente, aquí todas as administracións se endebedan non so o Concello de Poio.

O Sr. Agís Gómez di que o Grupo Socialista vota a favor da modificación orzamentaria proposta, incidindo no manifestado polo representante do BNG, de que o único que se fai con este medida é beneficiar á banca e indicar que os cartos deberían revertir na veciñanza.

O Sr. Martínez Blanco di que o Concello de Poio endebedouse cando o tiña que facer, nunhas condicións que podíamos asumir os xuros se temos que volver a esas fórmulas dentro duns anos sería de locos, xa que sería a un 8% sendo agora 1%.

O Sr. Moldes Martínez di que os datos non os inventa o PP senón que se poden consultar nos informes técnicos da Intervención e Tesourería do 30/09/2013, no que se reflite unha débeda de 8 millóns de euros e unhas facturas rexistradas polo importe de 1 millón, os datos non os inventamos nos.

O Sr. Barreiro Lubián di que ao ritmo que imos tardamos 7 anos en amortizar o préstamo.

A continuación, para rematar toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que os datos correspóndense cos que obran na intervención, pero non deixan de darlle a razón ao que nos defendemos, é o mundo ao revés, cando hai 1 millón de euros pendentos de pago a provedores, e non poidamos dispoñer dos 500 mil do remanente, para facer fronte aos mesmos. Nos estamos endebedados nos límites da Lei, e pedimos cartos a xuros baixos, e quen tivo que ir ao rescate estáos a pagar ao 5 ou 6%, non vemos onde están esas condicións tan boas.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de novembro de 2013 o que queda aprobado por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 20/2013, mediante suplemento de crédito financiado con remanente de tesourería para gastos xerais que ascende ao importe de 472.917,12€ coa finalidade de poder proceder a amortización anticipada de débeda polo mencionado importe co fin de dar cumprimento o disposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Segundo: Someter o expediente á información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello, durante os que se consideren interesados, poidan presentar cantas alegacións consideren por convinte. Unha vez rematado o prazo de non presentarse alegación ningunha entenderase definitivamente aprobado de conformidade co disposto no Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites procedentes no expediente.

3878.- CONTRATACIÓN, PROCESO REESTRUTURACIÓN SOCIETARIA AQUAGEST ADXUDICATARIA CONTRATO XESTIÓN SERVIZO PÚBLICO AUGAS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente, do escrito presentado por D. Enrique Font Martínez, en nome e representación de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U., comunicando o proceso de reestructuración societaria iniciado polo grupo de sociedades a que pertence AQUAGEST, empresa adxudicataria do contrato de xestión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiro) e depuración de augas residuais neste Concello e do informe do Servizo de Contratación de data 8 de novembro de 2013 indicando que, VIAQUA, reúne as condicións esixidas no seu día por este Concello para a adxudicación do contrato de xestión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiro) e depuración de augas residuais neste Concello.

O Sr. Barreiro Lubián explica que soamente é un cambio de denominación da empresa pasando de ser AQUAGEST a VIAQUA en Galicia, non nos afecta a máis cuestións, cambiarán o nome nas facturas, recibos etc pero nada máis.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación, en votación ordinaria e polo voto favorable da totalidade de membros corporativos

presentes adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento do proceso de reestruturación societaria de AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SAU, como sociedade cabeceira do grupo a favor da sociedade de nova creación VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU para a xestión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiro) e depuración de augas residuais neste Concello.

3879.- CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL DO CONCELLO DE POIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta dos antecedentes do expediente elevado á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente, do novo Convenio das Condicións de Traballo do Persoal Laboral do Concello de Poio, do mes de outubro de 2013, entregado no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 8 de novembro de 2013 para a súa tramitación e que consta de 77 artigos, cinco cláusulas adicionais e un anexo correspondente a táboa salarial e dos informes da Intervención Municipal de data 12 de novembro de 2013 e o informe da secretaria xeral de data 14 de novembro de 2013.

O Sr. Martínez Blanco explica o contido do mesmo indicando que é unha actualización dos salarios, aprobados no pleno do 2008, pero non existe un incremento dá masa salarial, soamente é unha adaptación á lexislación mínima do Estado e outras cousas que se modifican, a pequena escala, como son licenzas, permisos etc.

O texto definitivo do convenio foi asinado tanto polos representantes da administración como por parte dos sindicatos.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

Toma a palabra o Sr. Martínez Blanco, Concelleiro Delegado de Persoal explicando que o texto que se somete á votación é froito dunha negociación fluída e ben levada polas dúas partes, tanto administración como representantes dos traballadores, dentro do que nos permite a lei regúlanse os permisos, licenzas, horas extraordinarias e aínda que non se incremente a masa salarial do persoal laboral regúlanse os salarios de varias categorías. Pola nosa banda agradecer aos representantes dos traballadores a súa colaboración.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de novembro de 2013 adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación ao Texto do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Poio adoptado pola Mesa de Negociación do 8 de novembro de 2013.

Segundo: Remitir o presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Relacións Laborais aos efectos da súa inscrición no

Libro Rexistro de Convenios Colectivos, depósito no Servizo de Relacións Laborais así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3880.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DESISTIR DA PRETENSIÓN DA SUBA DO CANON POLO TRATAMENTO DO LIXO NA PLANTA DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE (SOGAMA).- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE de Poio, de data 5 de novembro de 2013, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 5 de novembro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: " **1º.** Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. **2º.** Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos. **3º.** Dirixirse a todos os Grupos políticos, con representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos. **4º.** Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos."

O Sr. Barreiro Lubian di que o BNG está de acordo coa moción soamente que engadiría un punto máis que tería a seguinte redacción: " **5º.** Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados."

Hai 12 anos este modelo parecía o mais barato pero actualmente está demostrado que non. Débense estudar outros modelos.

A Comisión, ao non estar presente ningún dos membros do Grupo Municipal Socialista que defenda a moción que presentaron, dáse por enterada e que pase directamente ao Pleno tanto a moción como a enmenda proposta polo BNG. "

Toma a palabra o Sr. Agís Gómez explicando que nos plenos realizados no mes de outubro e novembro, tratouse o incremento da taxa de recollida e tratamento de residuos derivada do aumento do prezo que vai cobrar a empresa pública, nos con esta moción o que pedimos é que

non se leve a cabo o incremento, de producirse que sexa a Xunta de Galicia quen o asuma e que se estude porque se chegou a esta situación-

A continuación, toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do BNG, a Sra. Díaz Iglesias manifestando que están de acordo co texto da moción así como da incorporación do punto quinto ao que referencia a comisión informativa de Facenda, o que pedimos e facemos fincapé na elaboración dun plan de xestión e outro que aposte pola sustentabilidade.

O Sr. Moldes Martínez, Voceiro do Grupo Municipal do PP manifesta que o seu grupo vai o sentido do voto da comisión, absteranse e di que non están de acordo que o incremento repercuta na veciñanza. Consideramos que se poden adoptar medidas máis responsables insistir no exposto en plenos anteriores, e aproveitar a nova contratación para tomar medidas para que mellore o servizo sen incrementar prezos inclusive que sexan mais baratos así como fan outros concellos porque nos seguimos sendo un dos máis caros.

Á continuación, toma a palabra o Sr. Barreiro Lubián di que as cousas hai que analizalas en profundidade, SOGAMA é un monopolio que naceu no 2005, con dous Concellos que se adheriron, un deles Pontevedra cunhas condicións moi boas, 30 € tonelada. Alternativas, intentáronse no Morrazo pero votounas abaixo a propia Xunta.

Vostedes piden unha mellor xestión por parte do Concello de Poio pero porque non lla piden a SOGAMA xa que subiu o prezo de 30 a 80 €. A vostedes pouco lles importa os intereses da veciñanza de Poio, o único que fan é defender os intereses da Xunta.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción xunto coa emenda da Comisión Informativa de Facenda presentada por D. Xulio Barreiro, de engadir un punto "5º) Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere SOGAMA, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados " a que queda aprobada por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia a urxente retirada da proposta de incremento do canon por tratamento de residuos, recollida na Disposición Adicional 21ª, Dous, do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Segundo.- Demandar ó Presidente da Xunta de Galicia e ó Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias a creación e posta en marcha dunha mesa de negociación, na que, coa presenza e colaboración de SOGAMA, se estuden os custos reais do tratamento de residuos dos concellos.

Terceiro.- Dirixirse a todos os Grupos políticos, con

representación no Parlamento de Galicia, a fin de que requiran da Xunta de Galicia a realización dunha auditoría externa (económico financeira, recursos humanos, produción, medio ambiental, etc.) da Sociedade Galega de Medio Ambiente, dándose traslado dos seus resultados á totalidade dos concellos que utilicen seus servizos.

Cuarto.- Demandar do Presidente da Xunta de Galicia que, para o caso de que non se retire a iniciativa da nova tarifa do canon de tratamento de residuos dos orzamentos autonómicos do 2014, o incremento que sufra o mesmo respecto ó do ano 2013 sexa asumido integramente polo Goberno autonómico, sen repercusión algunha nas transferencias ós concellos."

Quinto.- Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere SOGAMA, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados."

3881.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO CONCELLO DE PONTEVEDRA Á APERTURA DA PONTE DA BARCA E EMENDA PRESENTADA POLO BNG.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular de data 6 de novembro de 2013, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 7 de novembro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: " Instar al Concello de Pontevedra a que de forma inmediata dicte las órdenes oportunas para permitir el acceso de salida en el puente de A Barca con dirección a Poio. Instar a la empresa concesionaria de la obra de A Barca que agilice las obras de A Barca lo máximo posible para rematar las obras cuanto antes. Instar al Concello de Poio a la apertura inmediata del doble sentido en las calles Mato Calderón y José Pernas Peña."

Así mesmo dáse conta da enmenda á moción, de data 8 de novembro de 203 e data e entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 8 de novembro de 2013, presentada por D. Xulio Barreiro Lubián como concelleiro delegado de Urbanismo e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a enmenda ao acordo proposto na moción presentada polo PP adoptándose o seguinte acordo: " 1.- Instar á Xunta de Galicia a que unha vez rematadas as obras que se están executando na Barca, se restableza a dobre dirección de tráfico na Ponte da Barca. 2.- Devolver o dobre sentido de circulación nas rúas Mato Calderón e José Pernas Peña en canto se rematen as obras que se están executando na Barca. 3°.- Instar á Xunta de Galicia que se inicien os trámites pertinentes para a posta en funcionamento do vial do Bao previsto no Plan Move para o ano 2015."

O Sr. Moldes Martínez di que a moción esta baseada nunha reunión que tivemos con veciños. Vemos que o punto 2° da moción estase cumprindo xa que se están axilizando as obras pero pedimos que se execute de forma

inmediata o acceso de saída ao ponte de A Barca que non era necesario e parece unha manobra do Concello de Pontevedra para levar a cabo o peche do Ponte de A Barca e en canto sexa posible se restituía o dobre sentido nas rúas Mato Calderón e José Pernas Peña.

O Sr. Martínez Blanco contéstalle que temos que agradecerlle ao Concello de Pontevedra que cortaran o acceso ao Ponte da Barca porque se todos os coches se xuntaran na Barca e subiran pola Caeira sería unha locura inimaxible, sería impensable, temos que facer un razonamento lóxico. Está funcionando razoablemente ben, esperemos a que terminen as obras

O B.N.G. mantén que o vial da Barca sexa de dobre sentido.

O Sr. Rodríguez Grandal di que o Alcalde manifestou que a rúa Mato Calderón debería ser dun só sentido

O Sr. Martínez Blanco contéstalle que o dixo sempre e cando se modificara o vial do Bao.

O Sr. Moldes Martínez din que están de acordo coa enmenda sempre e cando se engada, no primeiro punto: "que se inste tamén ao Concello de Pontevedra".

O Sr. Barreiro Lubián di que é a Xunta de Galicia a organizadora do tráfico na PO 308 e de nada vale instar ao Concello de Pontevedra o de a Ponte de A Barca se é a Xunta de Galicia a que ten a competencia.

No Concello de Pontevedra teñen unha idea diferente de organizar o tráfico e nós soamente podemos solicitarllo pero nunca esixilo. A vosa moción non é racional.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente a enmenda presentada á moción do Grupo Municipal do Partido Popular quedando redactado o primeiro punto da enmenda da seguinte maneira: "1.- Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Pontevedra que, unha vez rematadas as obras que se están executando na Barca, se restableza a dobre dirección de tráfico na Ponte da Barca." e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 18 de novembro de 2013 o que queda polo voto favorable da unanimidade de membros adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia e ao Concello de Pontevedra que, unha vez rematadas as obras que se están executando na Barca, se restableza a dobre dirección de tráfico na Ponte da Barca." e propor ao Pleno a súa aprobación

Segundo.- Devolver o dobre sentido de circulación nas rúas Mato Calderón e José Pernas Peña en cando se rematen as obras que se están executando na Barca.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia que se inicien os trámites pertinentes para a posta en funcionamento do vial do Bao previsto no Plan Move para o ano 2015.

3882.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, DO 25 DE NOVIEMBRE DE 2013, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES E CONTRA OS RECORTES NA

PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta da moción presentada polo BNG de data 9 de outubro de 2013, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 9 de outubro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: " 1- A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero; 2- A Corporación municipal insta ao Goberno galego a facer efectiva a *Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero* e deste modo :

- Mellorar as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, para o que cómpre establecer uns baremos de renda idénticos aos que se recollían nas convocatorias anteriores a 2011, eliminar a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas no artigo e garantir que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano, fixar un prazo máximo de 30 días para a resolución e pago efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude. Dada a situación de crise económica que viven as mulleres galegas, é preciso, asemade, ampliar a duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

- Presentar perante o Parlamento un estudo e valoración desta axuda económica durante os sete anos da súa aplicación.

- Dar cumprimento ao contido do artigo 25 que recoñece a necesidade de integrar a "Atención psicolóxica" como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias.

- Implantar, tal como recolle o artigo 27 da lei, a través do departamento competente no ámbito sanitario un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero.

- Dar cumprimento, de xeito prioritario, ao artigo 35 de "Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego" garantindo que as mulleres que sofren violencia de xénero sexan colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao establecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal e na empregabilidade en xeral.

- Garantir o cumprimento dunha "Atención xurídica" axeitada, permanente e especializada en materia de violencia de xénero. Garantírase que as persoas profesionais que presten estes servizos terán unha formación específica en materia de violencia contra as mulleres como requisito para o exercicio desta atención.

3- A Corporación municipal insta ao Goberno Galego a demandar de xeito efectivo do goberno do estado a creación dos xulgados específicos de Violencia de xénero nas cidades galegas que a día de hoxe aínda carecen deles."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do mesmo indicando que nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas.

O Sr. Moldes Martínez di que o seu grupo vaise abster xa que nestes momentos estase a redactar texto consensuado polos e grupos políticos deste Concello de Poio.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Toma a palabra a Sra. Salgueiro Piñeiro, Concelleira Delegada de Benestar Social, Muller e Igualdade manifestando que o texto da moción foi ditaminada pola Comisión de Facenda, normalmente trátase na Comisión de Cultura pero estivemos esperando para elaborar un texto consensuado polo tres grupos políticos, si temos a adhesión do Grupo Municipal Socialista, pero non do Grupo Popular.

Trátase dunha moción na que se pide que se sigan tomando medidas para loitar contra a violencia de xénero, que se garantan os dereitos das vítimas, que non se reduzan as axudas e que as solicitudes se tramiten (salarios á liberdade, plans de cooperación, taxas xudiciais..). Destacar o exposto na moción que é certo que baixan as denuncias, pero o problema segue aí, porque coa crise económica e no escenario que nos atopamos de redución de axudas, non se formulan tantas. As medidas hai que adoptalas e ser continuístas durante todo o ano, non cando se acerca o 25 de novembro.

Neste momento entra no Salón de Sesiós o Concelleiro Domínguez Lino.

Toma a palabra, a Sra. Nieto García manifestando que están de acordo cos traballos para reducir vítimas así o fai o goberno da Xunta de Galicia, estamos de acordo en garantir as axudas para o emprego, taxas xudiciais e que se tramiten no menor prazo posible pero non estamos de acordo coa redacción da moción existen incoherencias vemos accións propagandísticas.

O Sr. Agís Gómez di que o Grupo Municipal Socialista está de acordo co texto da moción o cal se adhiren e poñer manifesto que na práctica as cousas son distintas non se executa o que se aproba, non hai redución de prazos, non hai axudas...

Unha vez rematada as deliberacións na que interveñen membros dos distintos grupos municipais, sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda o que por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención este queda aprobado adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.

Segundo.- A Corporación municipal insta ao Goberno galego a facer

efectiva a *Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero* e deste modo :

- Mellorar as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, para o que cómpre establecer uns baremos de renda idénticos aos que se recollían nas convocatorias anteriores a 2011, eliminar a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas no artigo e garantir que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano, fixar un prazo máximo de 30 días para a resolución e pago efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude. Dada a situación de crise económica que viven as mulleres galegas, é preciso, asemade, ampliar a duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

- Presentar perante o Parlamento un estudo e valoración desta axuda económica durante os sete anos da súa aplicación.

- Dar cumprimento ao contido do artigo 25 que recoñece a necesidade de integrar a "Atención psicolóxica" como un servizo de atención primaria, en coordinación coa atención especializada nas áreas sanitarias.

- Implantar, tal como recolle o artigo 27 da lei, a través do departamento competente no ámbito sanitario un sistema de rexistro de casos de violencia de xénero.

- Dar cumprimento, de xeito prioritario, ao artigo 35 de "Medidas específicas no ámbito da formación e do emprego" garantindo que as mulleres que sofren violencia de xénero sexan colectivo preferente na totalidade da normativa autonómica relativa ao establecemento de axudas e subvencións ás empresas para a contratación de persoal e na empregabilidade en xeral.

- Garantir o cumprimento dunha "Atención xurídica" axeitada, permanente e especializada en materia de violencia de xénero. Garantirase que as persoas profesionais que presten estes servizos terán unha formación específica en materia de violencia contra as mulleres como requisito para o exercicio desta atención.

Terceiro.- A Corporación municipal insta ao Goberno Galego a demandar de xeito efectivo do goberno do estado a creación dos xulgados específicos de Violencia de xénero nas cidades galegas que a día de hoxe aínda carecen deles.

3883.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSOE SOBRE A OPOSICIÓN A CALQUERA POSIBLE PRÓRROGA Á PRESENZA DE ENCE-ELNOSA NA RÍA DE PONTEVEDRA MÁIS ALÁ DO ANO 2018.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP, dáse conta da moción conxunta presentada polo BNG e PSOE de data 14 de novembro de 2013, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 15 de novembro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a

adopción dos seguintes acordos: " 1. O Pleno do Concello de Poio manifesta a súa oposición a calquera posíbel prórroga á presenza de ENCE-ELNOSA na ría de Pontevedra máis alá do 2018, ano no que chega ao seu remate a concesión outorgada a ambas empresas en terreos de dominio público, e a necesidade irrenunciábel do abandono desta ubicación con anterioridade a esta data tope.

2. O Pleno do Concello de Poio manifesta a súa oposición a calquera posíbel renovación das AAI's, preceptivas para o mantemento da actividade industrial do complexo industrial así como a recente prórroga a ELNOSA até 2017.

3. O Pleno do Concello de Poio insta á Xunta de Galiza a declarar a expresa caducidade do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do asentamento industrial de ENCE en Lourizán conforme a sentenza que declaran que non é conforme a dereito.

4. O Pleno do Concello de Poio insta á Xunta de Galiza, a que, no exercicio das súas competencias en ordenación do territorio en atención ao interese público e a utilidade social, proceda de xeito inmediato a redacción, tramitación e aprobación dunha modificación da Disposición Adicional Terceira do POL, co obxectivo irrenunciábel de abordar conxuntamente as accións de rexeneración restauración e reordenación do ámbito de recalificación para os terreos actualmente ocupados polo complexo industrial, que a modificación da lei de costa tenta cercenar.

5. O Pleno do Concello de Poio manifesta o seu apoio á mobilización social prevista para o día 23 de novembro convocada pola Plataforma 2018.

6. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, ao Parlamento de Galiza e á Plataforma 2018."

O Sr. Barreiro Lubián di que esta moción é moi clara. Desde o ano 1960 instalouse na Ría de Pontevedra cun período de caducidade e que unha vez rematado o prazo de permanencia deberían abandonar a súa situación por non ser a mellor. A Xunta de Galicia quere mantela aí en beneficio das 2 empresas privadas.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. "

O Sr. Barreiro Lubián di que a ubicación de ENCE non é a idonea, por varios motivos xa coñecidos (turismo, medio ambiente...), a data de 2018 achégase e cremos que ENCE debe de marchar de aí, instamos aos poderes públicos a que non dean marcha atrás e que cando chegue a data desapareza ese complexo da ría.

O Sr. Agís Gómez di que se trata dunha moción que apoian, repetida nos últimos anos, amplamente debatida e motivada, na que se insta a que a Xunta non amplíe os prazos para que ENCE continúe na zona. As alternativas que dá a Xunta ao final non son viables facendo referencia a ubicación de Monte Carrasco.

O Sr. Moldes Martínez di que o BNG e PSOE instan a que desapareza e que peche as súas portas, pouco lles importa os postos de traballo que se poden perder así como a conxuntura, pedímoslle que dean unha alternativa porque foi a Xunta á única que as propuxo.

O Sr. Barreiro Lubián di que se fora Conselleiro de ENCE buscaría alternativas, en Poio somos máis de 16000 habitantes e a maioría non traballa no lugar.

O Sr. Martínez Blanco manifesta que lle sorprende que ao PP lle preocupe os postos de traballo cando por outra banda está a facer un desmantelamento do público (Sanidade, Educación...).

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que cada un ten que asumir as súas competencias e nos temos claro que de Poio non son, pero estamos loitando por unha ría saneada que permita ou dea a opción a unha denominación de orixe, que nos cremos que sería moi importante para o sector e que non temos pola presenza de ENCE no lugar.

Unha vez rematada as deliberacións na que interveñen distintos membros dos distintos grupos municipais, sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda o que por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención este queda aprobado adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Poio manifesta a súa oposición a calquera posíbel prórroga á presenza de ENCE -ELNOSA na ría de Pontevedra máis alá do 2018, ano no que chega ao seu remate a concesión outorgada a ambas empresas en terreos de dominio público, e a necesidade irrenunciábel do abandono desta ubicación con anterioridade a esta data tope.

Segundo.- O Pleno do Concello de Poio manifesta a súa oposición a calquera posíbel renovación das AAI's, preceptivas para o mantemento da actividade industrial do complexo industrial así como a recente prórroga a ELNOSA até 2017.

Terceiro.- O Pleno do Concello de Poio insta á Xunta de Galiza a declarar a expresa caducidade do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do asentamento industrial de ENCE en Lourizán conforme a sentenza que declaran que non é conforme a dereito.

Cuarto.- O Pleno do Concello de Poio insta á Xunta de Galiza, a que, no exercicio das súas competencias en ordenación do territorio en atención ao interese público e a utilidade social, proceda de xeito inmediato a redacción, tramitación e aprobación dunha modificación da Disposición Adicional Terceira do POL, co obxectivo irrenunciábel de abordar conxuntamente as accións de rexeneración restauración e reordenación do ámbito de recalificación para os terreos actualmente ocupados polo complexo industrial, que a modificación da lei de costa tenta cercenar.

Quinto.- O Pleno do Concello de Poio manifesta o seu apoio á mobilización social prevista para o día 23 de novembro convocada pola Plataforma 2018.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galiza, ao Parlamento de Galiza e á Plataforma 2018.

3884.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A IMPUNIDADE DA MAREA NEGRA DO PRESTIGE E A PROL DA TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS MARÍTIMAS Á XUNTA DE GALICIA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción sometida á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 18 de novembro de 2013 emitíndose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción presentada polo BNG de data 14 de

novembro de 2013, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 15 de novembro de 2013 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: " 1. Lamentar a sentenza ditada pola marea negra provocada polo Prestige que permite a impunidade dos seus responsábeis, tanto políticos como materiais; 2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do estado español a transferencia das competencias para o control e inspección dos barcos que recalán nos portos galegos e dos que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para poder aplicar unha política preventiva no transporte marítimo de mercadorías perigosas, ademais da competencia inherente ao salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña nas costas de Galiza; 3. Apoiar as mobilizacións en contra da impunidade dos responsábeis da marea negra do Prestige e en demanda da transferencia de competencias á Galiza nesta materia; 4. Enviar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos do Parlamento galego."

O Sr. Barreiro Lubián di que a sentenza é lamentable, aínda que dada a actuación da Fiscalía non se podía esperar outra sentenza, descargando de culpabilidade aos gobernos da crise e deixando perplexos a todos incluso ata o propio Presidente da Xunta de Galicia.

Non debe quedar impune non soamente polo que pasou senón que polo que poida pasar outra vez. Fanse necesarias medidas, protocolos de actuacións e poder aplicar unha política preventiva no transporte marítimo de mercadorías perigosas.

Non houbo culpables e en definitiva parece que non pasou nada.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. "

Toma a palabra a Voceira do Grupo do BNG, a Sra. Díaz Iglesias manifestando que a moción incide basicamente en dúas cuestións, unha primeira escandalosa, a sentenza na que non se castiga a marea negra producida hai once anos e considerada como a terceira catástrofe ecolóxica e por outra banda, como segundo problema a seguridade do tráfico marítimo do corredor. É indignante chegar a esta sentenza, o único que evidencia é a falta de competencia do goberno galego.

O Sr. Agís Gómez di que é unha situación insólita, vergonzosa e lamentable a falta de exixencia de responsabilidades nos xulgados. Con esta sentenza ilústrase o sistema xudicial e político actual que padecemos, un engano mediático.

Rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda o que queda aprobado por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Lamentar a sentenza ditada pola marea negra provocada polo Prestige que permite a impunidade dos seus responsábeis, tanto políticos como materiais.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do estado español

a transferencia das competencias para o control e inspección dos barcos que recalán nos portos galegos e dos que transitan polo dispositivo de separación de Fisterra, para poder aplicar unha política preventiva no transporte marítimo de mercadorías perigosas, ademais da competencia inherente ao salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña nas costas de Galiza.

Terceiro.- Apoiar as mobilizacións en contra da impunidade dos responsábeis da marea negra do Prestige e en demanda da transferencia de competencias á Galiza nesta materia.

Cuarto.- Enviar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno do Estado e grupos do Parlamento galego.

MOCIÓNS URGENTES.- A Sra. Nieto García pregunta ao presidente do Pleno, porque non se incluíu na orde do día para o seu tratamento, e aprobación se procedía, a moción presentada no Rexistro Xeral na que se solicita unha modificación da ordenanza de Incremento do Valor de Terreos de Natureza Urbana, que consideran importante e que afecta directamente á veciñanza de Poio, que non ven motivo para que non se debata xa que moitas veces se tratan por urxencia mocións que non afectan directamente aos veciños de Poio.

O Sr. Alcalde explica aos membros da Corporación que consideran que a moción debe de seguir o procedemento ordinario emisión de informes e ditaminarse pola comisión correspondente, non se trata dunha ordenanza de devengo periódico como son as aprobadas nos plenos das sesións anteriores.

Sometida a votación a urxencia da inclusión da Moción do PP para a modificación da Ordenanza Fiscal do Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana esta queda denegada por 7 votos a favor do PP, 9 votos en contra (8 BNG e 1 PSOE) e ningunha abstención.

ROGOS E PREGUNTAS.- Neste apartado toma a palabra o Sr. Martínez Blanco e en contestación á pregunta formulada polo Voceiro do Grupo Popular no Pleno do 29/10/2013 en relación aos ingresos obtidos polo Concello na Feira de Mostras explica que non se produciu ningún ingreso. A comezos de ano encárgase á empresa Blue Mar Producciones, SL a contratación do grupo Los Suaves, e no mes de marzo do mesmo ano por importe de 25495 € + IVE, chégase a un acordo para escenario, son e iluminación.

No mes de marzo ofrécese a posibilidade de abaratar o custe do concerto por medio da instalación da Feira das Nacións, por un prazo de 15 días, unha redución de 15000 € pero ante as discrepancias xurdidas cos comerciantes de Combarro, soamente estivo 5. Ao final o contrato pechouse pola cantidade de 17.995 €.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.